

# I SEMINARIO ANUAL GRUPO IDEAHS

INVESTIGACIÓN E  
DESENVOLVEMENTO  
EN ARTES  
E HUMANIDADES

008 — [ideahs.es](http://ideahs.es)



16-17 de outubro de 2025 —  
19:00 h

Aula 14 —  
Facultade de Xeografía e Historia, USC

Salón de actos —  
Facultade de Filosofía, USC



**IDEAHS**

Investigación  
e Desenvolvemento  
en Artes e Humanidades



VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA



DEPARTAMENTO DE HISTORIA DA ARTE



INSTITUTO E INVESTIGACIÓN  
EN HUMANIDADES

*performa*

# **I SEMINARIO ANUAL IDEAHS**

## **Libro de Resumos**

**16 e 17 de Outubro de 2025. Universidade de Santiago de Compostela.**

**Comité organizador:**

Guillermo Rodríguez Alonso (secretario)

Miguel Alcalde Silveira

Sonia García Muñoz

M<sup>a</sup> Aranzazu Pérez Indaverea

Sabela Valcárcel Lago

**Comité científico:**

Jesús Ángel Sánchez García (coordinador)

Anxo Abuín González

Pedro de Llano Neira

Federico López Silvestre

Fernando Pérez Rodríguez

Miguel Anxo Rodríguez Fernández

Miguel Taín Guzmán

Julio Vázquez Castro

Alfredo Manuel Vigo Trasancos

**Institucións colaboradoras:**

Vicerreitoría de Política Científica da USC

Departamento de Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia da USC

Instituto de Investigación en Humanidades da USC (iHUS)

**Proxectos colaboradores:**

Proxecto GOLDENCITIES «A España do século XVII nas vistas do arquitecto florentino Pier Maria Baldi» (PID2023-147647NB-I00)

Proxecto PERMORIA «Performatividade do monumento. Percepción social e intervencións sobre a arte pública en España e Portugal desde 1950» (PID2023-149178NB-I00)

Proxecto PERFORMA3 «Teatro sen teatro: teoría e práctica do non actor na escena española contemporánea» (PID2023-149349NB-I00)

Proxecto Arquitecturas Soñadas «Proxectos errados e pensamento utópico na historia da arquitectura en Galicia» (PID2022-137098NB-I00)

Este libro recolle os resumos das intervencións no I Seminario Anual del Grupo de Investigación e Desenvolvemento en Artes e Humanidades (GI-1510 IDEAHS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), realizado os días 16 e 17 de Outubro de 2025 en Santiago de Compostela.

O Seminario IDEAHS ten como finalidade, en primeiro lugar, crear un espazo de encontro entre investigadoras coa fin de partillar avances de investigación, discutir enfoques e metodoloxías e fortalecer liñas de traballo colaborativo. En segundo lugar, o congreso quere servir como plataforma de proxección do grupo para o público interesado, transferencia coa sociedade e outras institucións e a colaboración con outras investigadoras.

O encontro conta con catro mesas temáticas sobre os proxectos de investigación vixentes no grupo, arquitectura e urbanismo, estética e estudos visuais e performativos, así como as conferencias plenarias de Pedro Luengo, Juan Martín Prada e Domingo Sánchez-Mesa.

En paralelo á celebración do seminario, o xoves 16 inaugurase a exposición Ficcións especulativas no Salón Artesado do Colexio de Fonseca, unha mostra comisariada por Aránzazu Pérez Indaverea, Guillermo Rodríguez Alonso, Abraham R. Cea Núñez e Federico L. Silvestre e que conta co apoio e asesoramento científico do grupo IDEAHS e o Instituto de Humanidades da Universidade de Santiago (iHUS).

## ÍNDICE:

|                                                                                                                                                                               |    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| TORCERMOS O MARCO DA PANTALLA. APUNTES PARA UNHA ANÁLISE QUEER DO CINEMA DE PEDRO ALMODÓVAR. Miguel Alcalde Silveira.....                                                     | 7  |
| EXTINÇÃO BIOFÓNICA E FÓSSEIS ACÚSTICOS: NOTAS METODOLÓGICAS. Matías Rodríguez-Mouriño .....                                                                                   | 8  |
| PAISAXES AMBIVALENTES EN NOMADLAND (Chloé Zhao, 2020). Iván Villarme Álvarez .....                                                                                            | 9  |
| CARA UNHA RECONSIDERACIÓN DO CONCEPTO DE NON-ACTOR NOS EIDOS DO CINEMA E O AUDIOVISUAL. Xosé Nogueira .....                                                                   | 10 |
| GENEALOGÍAS CRÍTICAS EN EL ESPACIO EXPOSITIVO ¿SE PUEDE HACER POLÍTICA DESDE EL MUSEO? Nara Méndez López .....                                                                | 11 |
| PERMORIA. INVESTIGANDO QUÉ FAN OS MONUMENTOS E A ARTE PÚBLICA. Miguel Anxo Rodríguez Fernández .....                                                                          | 12 |
| FILLOS DUNHA PAIXÓN: MEMORIA E UTOPIA NOS ESTADIOS ESTATAIS (1982-2030). O CASO DE BALAIÑOS. Santiago Rodríguez Caramés.....                                                  | 13 |
| LA ESPAÑA DEL XVII EN LAS VISTAS URBANAS DEL ARQUITECTO FLORENTINO PIER MARIA BALDI (PROYECTO NACIONAL GOLDENCITIES) Miguel Taín Guzmán.....                                  | 14 |
| ACHEGAMENTOS TEÓRICOS PARA A ANÁLISE DA IMAXE DE GALICIA NA PRENSA E AS PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS. Paula González Castro.....                                                   | 16 |
| A PRODUCCIÓN ARTÍSTICA EM SERIE NA GALICIA DA SEGUNDA INDUSTRIALIZACIÓN: METODOLOXÍAS E APLICACIÓNS PARA OS ESTUDOS DE CULTURA MATERIAL. Daniel Lucas Teijeiro Mosquera ..... | 17 |
| AS EXCENTRICIDADES NEOMOURISCAS DO CONDE CESARE MATTEI E O MARQUÉS FERNINANDO PANCIATICH: A ROCHETTA MATTEI E O CASTELLO DI SAMMEZZANO. Iván Moure Pazos.....                 | 18 |
| IMAXINANDO O IMAXINADO: DO CONCURSO NACIONAL DE ARQUITECTURA Á RESTITUCIÓN DIXITAL. UNA CAPILLA EN EL CAMINO DE SANTIAGO (1954). Silvia González Rodríguez .....              | 19 |
| ARTIVISMO HACKER. PRÁCTICAS TECNO-POLÍTICAS DE SUBVERSIÓN. Guillermo Rodríguez-Alonso.....                                                                                    | 20 |
| ARQUITECTURA DEL DESCANSO: PALACIOS, VILLAS Y CHALETS COMO TIPOLOGÍAS ARQUITECTÓNICAS DE VERANEIO EN LAS RÍAS BAIXAS (1830-1936). Sabela Valcárcel Lago.....                  | 21 |



**Miguel Alcalde Silveira**

Universidade de Santiago de Compostela

[miguel.alcalde@rai.usc.es](mailto:miguel.alcalde@rai.usc.es)

## **TORCERMOS O MARCO DA PANTALLA. APUNTES CARA UNHA ANÁLISE QUEER DO CINEMA DE PEDRO ALMODÓVAR.**

Desde os anos 1990, o queer adéntrase en tódalas disciplinas do saber como un novo paradigma (onto)epistemolóxico que pretende desequilibrar as bases dos modelos de pensamento hexemónicos, determinados estes polo paradigma da diferenza sexual. Durante estas décadas, os estudos queer desenvolvéronse profundamente a nivel teórico, pero non foi até anos máis recentes que se comezou a recoñecer a necesidade de atender tamén ao xeito de investigar sobre o queer, é dicir, ás metodoloxías. En concreto, no ámbito dos estudos audiovisuais, desde os importantes aportes de Laura Mulvey ás metodoloxías feministas non parece que se teña levado a cabo unha labor intensa de reflexión acerca dos xeitos en que lemos e interpretamos o cine. Así pois, e como pretendo introducir nesta comunicación, na miña tese de doutoramento propóñome impulsar a elaboración dunhas metodoloxías queer de análise fílmica que permitan trasladar á práctica científica os postulados das teorías queer, co principal obxectivo de serviren como novos marcos desviados desde os que entendermos as propostas do cine queer (aínda que non só sexan aplicables a estes filmes). Para levar a cabo este proceso, a filmografía completa de Pedro Almodóvar preséntase un gran campo de experimentación e exploración para estas metodoloxías, non só por se tratar dunha das traxectorias de cineastas queer máis prolíficas, senón polo seu compromiso coa construción dunha poética desnaturalizadora da cisheteronormatividade que en si mesma precisa dunha ollada crítica torcida, astigmática e insubmisa.

**Palabras chave:** Pedro Almodóvar; teoría queer; novas metodoloxías; estudos fílmicos.

**Matías Rodríguez-Mouriño**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **EXTINÇÃO BIOFÓNICA E FÓSSEIS ACÚSTICOS: NOTAS METODOLÓGICAS**

Em meio às transformações do Antropoceno, a escuta emerge como ferramenta crítica para compreender a perda de biodiversidade sonora: a chamada extinção biofónica. A redução drástica de sons naturais não apenas acompanha a desaparecimento de espécies, mas evidencia um silêncio crescente nos ecossistemas. Frente a essa realidade, propomos uma reflexão metodológica sobre como a arte sonora pode atuar como forma de escuta expandida, documentação sensível e prática crítica diante do colapso ambiental, incidindo particularmente nos retos metodológicos deste estudo.

O conceito de “fóssil acústico” é aqui central: registros sonoros de paisagens sonoras desaparecidas ou em risco tornam-se vestígios audíveis de um tempo que se apaga. Esses fósseis não são apenas documentos, mas também dispositivos afetivos e políticos, que convidam à escuta como ato ético. Metodologicamente, propomos a articulação entre gravações de campo, reinterpretações artísticas e práticas de escuta profunda como modos de resistir e/ou reflexionar a propósito deste apagamento bioacústico.

Esta comunicação se dedica, portanto, a discutir abordagens que integrem escuta, criação sonora e crítica ecológica, estudando e reflexionando acerca do que se perdeu, o que está em risco e o que ainda ressoa. Frente à extinção biofónica, escutar é um gesto de cuidado e de memória, mas também de denúncia e imaginação.

**Palabras chave:** Humanidades Ambientais; Mudança climática; Ecologia Acústica; Arte sonora

**Iván Villaranea Álvarez**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **PAISAXES AMBIVALENTES EN NOMADLAND (Chloé Zhao, 2020)**

As paisaxes non teñen un significado intrínseco, mais poden estar asociadas a significados culturais que se constrúen a través da ollada e do seu contexto. O motivo visual do horizonte, por exemplo, evolucionou ao longo da historia do cinema, do western ao road movie: pode expresar a euforia da liberdade individual, a nostalxia polo fogar perdido ou a esperanza dun futuro mellor, como acontece en *Nomadland* (Chloé Zhao, 2020); un dos poucos filmes norteamericanos que representa as consecuencias sociais —en lugar das causas económicas— da Gran Recesión (2008-2009). Esta longametraxe, de feito, presenta algunhas das características máis comúns dos filmes que pertencen ao ciclo do Cinema da Austeridade: é unha ficción documental composta por un conxunto de historias de vida que empregan paisaxes alegóricas para construír o seu discurso. O significado destas paisaxes, con todo, non sempre fica claro: máis que ambiguo, pode ser ambivalente, é dicir, pode expresar simultaneamente ideas e percepcións contrarias, abertas á interpretación do público. Esta comunicación, polo tanto, propón analizar as estratexias de posta en escena e de montaxe empregadas pola cineasta Chloé Zhao para filmar a paisaxe como axente capaz de expresar as contradicións do tempo histórico e do estilo de vida dos vandwellers, aquelas persoas maiores que decidiron vivir en autocaravanas como alternativa residencial despois da Gran Recesión.

**Palabras chave:** Paisaxes Alegóricas, Cinema da Austeridade, Ficción Documental, *Nomadland*, Chloé Zhao.

**Xosé Nogueira**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **CARA UNHA RECONSIDERACIÓN DO CONCEPTO DE NON-ACTOR NOS EIDOS DO CINEMA E O AUDIOVISUAL.**

No eido do cinema, a presenza dos intérpretes non profesionais (tamén chamados “actores naturais” na teoría e literatura cinematográficas clásicas) constitúe unha constante na historia do medio xa desde os seus mesmos inicios coas cintas Lumière, atravesando logo todo o século XX e o que levamos de XXI, transitando as vangardas históricas e o neorrealismo ata desembocar no cinema moderno e as súas continuacións. Este recurso aos intérpretes naturais respondeu sempre á finalidade de acadar un maior grao de “realismo” (ou, se queremos, de sensación de realidade) no interior do ámbito da ficción. Nesta procura tamén estivo desde o primeiro o recurso a outra figura, a do non-actor. Acontece que, tradicionalmente, tanto teóricos como cineastas fusionaron - equiparándoos- unha serie de termos: primeiro o do “actor non profesional” co de “actor natural”; e despois, o dese “actor non profesional/natural” co de “non actor” (mesmo nos últimos tempos o cineasta Oliver Laxe vén de propor un novo concepto, o de “actor sen experiencia”). A maiores, coa entrada do novo milenio dixital e, polo tanto, intermedial, a presenza de todas estas figuras acentuarase e, asemade, coñecerá novas declinacións nunha nova dimensión para alén do tradicional dispositivo cinematográfico. Diante de todo isto, as nosas investigacións e reflexións desenvolvidas nos últimos tempos no seo do Proxecto Performa encamiñáronse cara a unha reconsideración/redefinición de todas as categorías mentadas, centrándonos especialmente no concepto e estatuto do non-actor no cinema e, por extensión, nas artes audiovisuais contemporáneas. Serán estas propostas as que traeremos a este congreso.

**Palabras chave:** non-actor, performatividade(s), hibridación(s), autoficción.

**Nara Méndez López**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **GENEALOGÍAS CRÍTICAS EN EL ESPACIO EXPOSITIVO ¿SE PUEDE HACER POLÍTICA DESDE EL MUSEO?**

Desde la década de los setenta en adelante el museo ha sido objeto de numerosas críticas articuladas desde variados canales, siendo esto desde la producción artística, la teoría, el comisariado, el ejercicio de gestión o, mismo, el activismo. De la riqueza generada por estos proyectos han emergido múltiples debates en relación con la función del museo como aparato hegemónico.

Esta cuestión, ampliamente desarrollada en la investigación en curso de la tesis centrada en el estudio de las derivas de la crítica institucional en España, manifiesta una constante de fondo: la reflexión acerca de la efectividad y trascendencia de las narrativas críticas y la capacidad para generar nuevos modelos y formas de concepción del museo y sus políticas culturales. Cuestión convertida en la temática central de la presente comunicación.

Para ello, como punto de partida, esbozaremos un somero estado de la cuestión que nos acerque al curso teórico de la materia para, a continuación, efectuar un análisis de casos, adscritos al Estado español y a América del Sur, desarrollados a lo largo de la última década del siglo XX y los primeros años del siglo XXI, señalando la especificidad cultural y sociopolítica de cada uno y estableciendo una lectura comparativa entre ambos modelos que nos avale para la evaluación de las interrelaciones entre ambos. Por último, elaboraremos una reflexión sobre el influjo de estos proyectos sobre los marcos normativos y retóricos del museo, en definitiva, los medios que los habilitan para instaurar una nueva institucionalidad.

**Palabras clave:** Museo; nueva institucionalidad; crítica.

**Miguel Anxo Rodríguez González**  
Universidade de Santiago de Compostela

## **PERMORIA. INVESTIGANDO QUÉ FAN OS MONUMENTOS E A ARTE PÚBLICA.**

Nos últimos anos, a arte pública converteuse nun ámbito de debates e controversias, favorecendo as novas perspectivas na investigación que traballan sobre os significados e o impacto social. As accións iconoclastas, a reinterpretación de monumentos e as intervencións artísticas participativas cambiaron a nosa comprensión deste campo, desprazando o foco desde a promoción e produción artísticas ás disputas en torno á súa recepción no espazo público. Diversos acontecementos, como os derivados do movemento *Black Lives Matter*, están a poñer o foco nas relacións das comunidades coa arte pública e na capacidade *performativa* das imaxes. En ocasións prodúcense ataques que derivan en iconoclastia, pero tamén se pode dar o caso contrario: que a cidadanía reaccione positivamente ante as obras, converténdooas en símbolos da súa identidade ou das súas loitas. Publicacións de David Freedberg, WJT Mitchell, Manuel Delgado, Mauricio Tenorio Trillo, o Alex von Tunzelmann estiveron aprofundando nesta cuestión nos últimos anos.

O proxecto PERMORIA (Performatividad del monumento. Percepción social e intervencións en el arte público en España y Portugal desde 1950) busca analizar esta historia de controversias e reapropiacións. Levarase a cabo unha investigación sobre casos de estudo seleccionados en España e Portugal, e desenvolveranse encontros e seminarios que derivarán en publicacións especializadas. As investigacións reunirán traballos orientados á reflexión teórica sobre a capacidade performativa da imaxe, ou a importancia das imaxes e os símbolos na configuración da memoria colectiva, e outros que irán destinados a reunir documentación sobre casos de estudo concretos. Algúns dos casos xa analizados son o friso abandonado da basílica de Aránzazu, de Jorge Oteiza, a resignificación da escultura d'As Mariás, en Santiago de Compostela, ou a retirada da escultura de Antonio López y López en Barcelona.

**Palabras chave:** Monumentos, arte pública, memoria, percepción social, performatividade

**Santiago Rodríguez Caramés**

Universidade da Coruña

## **FILLOS DUNHA PAIXÓN: MEMORIA E UTOPIÁ NOS ESTADIOS ESTATAIS (1982-2030). O CASO DE BALAIÓDOS.**

Esta proposta pretende facer un percorrido pola evolución dos principais estadios estatais, con especial énfase no caso do Estadio Municipal de Balaídos, entre os dous principais eventos deportivos organizados por España: o Mundial de 1982 e o futuro Mundial de 2030, compartido con Portugal e Marrocos. O Mundial de 1982 supuxo unha profunda transformación dos estadios que compuxeron a candidatura, con reformas que, en moitos casos, eliminaban ou ocultaban os seus trazos históricos de máis interese. Desde aquel momento, o estadio de fútbol foi gañando unha relevancia exponencial como tipoloxía arquitectónica de poder consolidada no século XXI. Esta dinámica xorde do entrecruzamento de varios factores. Dun lado, as mudanzas sociolóxicas na afección futbolística e a normalización na violencia nos estadios traducíronse en moitas ocasións nunha maior privatización no acceso a estes recintos. Doutro lado, a espectacularización crecente do fútbol, máis enfocada ao consumo audiovisual de masas, foi mudando a percepción do estadio de fútbol como escenario social cara a unha concepción como arquitectura espectacular mediática. Non é en van, neste sentido, a proliferación recente de grandes firmas de arquitectura hiperespecializadas en recintos deportivos. Fronte a estes dispositivos ideolóxicos, son cada vez máis comúns os discursos opostos ao chamado «fútbol moderno», que non só amosan unha nostalxia polo fútbol de antano, senón que constrúen unha memoria do estadio e dos elementos que compoñen a súa historia, o que, curiosamente, non se traduce en procesos de protección patrimonial no ámbito estatal. Para traballar todas estas cuestións serán analizados outros casos internacionais, especialmente vinculados a grandes eventos como as Euros de Portugal (2004), Francia (2016) e Italia-Turquía (2032) ou os Mundiais de Italia (1990), Alemaña (2006) e Rusia (2018).

**Palabras chave:** Estadios, eventos deportivos, Balaídos, memoria, patrimonialización

**Miguel Taín Guzmán**

Universidad de Santiago de Compostela

**LA ESPAÑA DEL XVII EN LAS VISTAS URBANAS DEL  
ARQUITECTO FLORENTINO PIER MARIA BALDI (PROYECTO  
NACIONAL GOLDENCITIES).**

The proposed project consists of the study of the 86 urban views made by the architect Pier Maria Baldi during his journey through Spain between 1668 and 1669 as a member of the entourage of Cosimo III de' Medici, prince of the Grand Duchy of Tuscany. It is the largest and best compendium of views of cities in the Spanish geography inexplicably forgotten by the research community and therefore unstudied in its entirety to date. As the most complete collection of views of cities, villas and villages of the Golden Age Spain, they form cityscapes of great documentary value. They span the current autonomous communities of Catalonia, Aragon, Castilla-La Mancha, Madrid, Andalusia, Extremadura and Galicia. The most important architectural landmarks of each city are faithfully represented, such as defensive structures, built monuments and their setting in surrounding landscape. The repertoire consists of 21 views of cities, 45 of residential villas, 6 of villages, 1 of an *aldea* (hamlet), 5 of royal sites, 3 of inns, 2 of Andalusian *cortijos* (country properties) and 1 each of a monastery, a hospital and a landscape. They also show how defensive city walls were arranged. Many of the localities depicted have this sole graphic witness of their appearance and features in this period, many later altered or destroyed especially during the Spanish Civil War. Most represent a medieval city later heavily modified. At the time of the visit of the Medici prince these locales rested in full architectural petrification. Still ahead lay the realignment of streets along straight lines and the removal of arcades and cantilevers; the remodeling of large regular public squares for commerce and staged events; and renovation of monumental buildings according to the new international style of the moment, the Baroque. The project will analyze each of these views starting by an examination of drawing conventions employed by the artist and their contextualization in the tradition of Italian cityscapes painting. I will analyze Baldi's self-representations in his sketches, as well as the tools and optical instruments he used. The study will identify viewpoints from which he drew such as specific hills on the outskirts of urban centers and from church towers. I will study aspects of town planning based on the drawings, most of them still medieval in transition to full Baroque

renovation. The landscape environment and the city access roads will be analyzed. I will attempt to identify individual monuments both medieval and new Renaissance and Baroque additions including city walls, towers and gates, bridges and entryways, any extra-urban sprawl, and adjoining seaports. Attention will be given to dwellings within the walls; the palaces and towers of the nobility; churches, monasteries and convents; chapels of brotherhoods and hermitages; the town hall; the municipal fish shop, butcher's shop and bakeries; colleges, prisons, hospitals, fountains, sentencing sites and public squares. The results will constitute an important advance in the documented knowledge of the urban history of Spain and its architectural heritage, as well as its profile in the European and international context.

**Palabras chave:** España, Vistas de ciudades, Arquitectura, Urbanismo

**Paula González Castro**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **ACHEGAMENTOS TEÓRICOS PARA A ANÁLISE DA IMAXE DE GALICIA NA PRENSA E AS PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS.**

O estudo da produción gráfica impresa, especificamente xornais e revistas dos artistas galegos, realizada en Galicia e América Latina é fundamental para establecer aquelas imaxes e representacións asociadas con Galicia como elementos de creación dunha iconografía asociada ao territorio e á identidade das comunidades. O establecemento destes materiais como obxecto de estudo principal propón unha mirada cara novas investigacións centradas nos elementos gráficos ou ilustracións en lugar dos contidos literarios como viña sendo habitual. Así, será fundamental o establecemento dos elementos que conforman o concepto de “imaxe de Galicia” a partir da prensa e as publicacións periódicas en canto á conceptualización de como se entende esta imaxe.

O abordamento destas cuestións dende os estudos culturais, a análise das problemáticas das ideoloxías e teorías asociadas á constitución de imaxes ou a cuestión da identidade cultural e os factores que se teñen en conta para conformar a “imaxe” de Galicia (factores que non son só compoñentes visuais ou gráficos), intervirán directamente no concepto da representación, do que, como e onde se representa. Así, o plantexamento de novas teorías e metodoloxías para a análise do que se entende por “imaxe de Galicia” a partir da prensa e as publicacións periódicas pasará máis aló da análise literaria e iconográfica presente nestes materiais. A proposta dos estudos culturais de teóricos como Stuart Hall, proporcionan visións acerca do proceso de construción das representacións culturais mentres que a análise da contextualización do papel dos medios na propia construción dos imaxinarios será outro dos factores determinantes para chegar a formular os elementos constituíntes desta “imaxe” de Galicia.

**Palabras chave:** Imaxe, Identidade, Estudos culturais, Produción gráfica

**Daniel Lucas Teijeiro Mosquera**

Investigador independente

## **A PRODUCCIÓN ARTÍSTICA EM SERIE NA GALICIA DA SEGUNDA INDUSTRIALIZACIÓN: METODOLOXÍAS E APLICACIÓNS PARA OS ESTUDOS DE CULTURA MATERIAL.**

Esta comunicación encádrase nos estudos de cultura material e de historia da arquitectura, centrándose na Galicia da segunda metade do século XIX e do primeiro terzo do XX. Nela trátanse diversos aspectos sobre as interrelacións dos produtos artísticos emanados por distintos tipos de industrias, facendo fincapé nas fundicións de ferro, a zinguería da Real Compañía Asturiana de Minas, os talleres de pedra artificial Baltasar Escudero e Hijos, a azulexería La Artística e outras. A partir diso, profundizárase na transcencia que tivo a circulación de modelos entre o estranxeiro e Galicia, para comprender o seu triunfo como elementos decorativos de ostentación na nova sociedade burguesa consumista e cosmopolita, os cales conformaron os estilos locais do eclecticismo, do modernismo e da Art Déco; por este motivo, estas pezas ornamentais deben ser elevadas a un estatus de consideración artística, pois conforman unha parte substancial das artes decorativas que definen as cidades históricas de Galicia, así como os seus interiores domésticos de valor histórico. Con todo, o obxectivo é explicar as metodoloxías do seu estudo, desde as máis tradicionais ata as máis modernas mediante resultados dixitais. Para iso, trátanse as experiencias xa empregadas polo autor na súa tese de doutoramento Arte e industria do ferro en Galicia (1844-1936). Cultura material, centros de produción e obras (2020-2025), así como as que ten en marcha no proxecto de investigación Desde A Coruña para Galicia: arte e industria do zinc a través do Depósito Coruñés da Real Compañía Asturiana de Minas (1865-1982) financiado pola «Bolsa de Investigación da Deputación da Coruña para o ano 2025» (08/10/2025-07/07/2026, expediente 2025000020774) e outras futuras nunha posible etapa posdoutoral.

**Palabras chave:** artes decorativas; humanidades dixitais; mecanización; reprodución; modelo.

**Iván Moure Pazos**

Universidade de Santiago de Compostela.

**AS EXCENRICIDADES NEOMOURISCAS DO CONDE CESARE MATTEI E O MARQUÉS FERNINANDO PANCIATICHİ: A ROCCHETTA MATTEI E O CASTELLO DI SAMMEZZANO.**

A mediados do século XIX o Conde Cesare Mattei levantará no corazón dos Apeninos unha mansión neomourisca que converte nun delirante hospital electro-homeopático: a *Rocchetta Mattei*. Un ano despois, e a poucos quilómetros desta, o Marqués Ferdinando Panciatichi, redobra a aposta pintoresca, encerrándose para sempre na súa “Alhambra” máis persoal: o *Castello di Sammezzano*. Trátase, de dous dos monumentos máis extravagantes, enigmáticos e esquecidos da convulsa Italia do momento

**Palabras chave:** Conde Cesare Mattei, Marqués Ferdinando Panciatichi, *Rocchetta Mattei*, *Castello di Sammezzano*, Arquitectura neomourisca italiana

**Silvia González Rodríguez**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **IMAXINANDO O IMAXINADO: DO CONCURSO NACIONAL DE ARQUITECTURA Á RESTITUCIÓN DIXITAL. UNA CAPILLA EN EL CAMINO DE SANTIAGO (1954).**

Esta comunicación analiza “Una Capilla en el Camino de Santiago”, proxecto gañador do Premio Nacional de Arquitectura en 1954, desenvolvido por Javier Sáenz de Oíza, José Luis Romany e Jorge Oteiza. Alén do recoñecemento acadado, a capela non chegou a erixirse nunca. Por esta razón, o obxectivo do estudo é facer accesible unha aproximación visual ao proxecto, mediante a súa reconstrución e reinterpretación, fronte á ausencia do edificio construído.

A investigación baséase na escasa e fragmentaria documentación conservada, principalmente a publicación da Revista Nacional de Arquitectura (1955), ás veces críptica e poética, complementada coas achegas críticas de estudos posteriores, entre os que destaca o traballo de Sáenz Guerra. O estudo céntrase na concepción arquitectónica dunha capela concibida para un lugar indeterminado dentro do itinerario xacobeo, circunstancia que confire tamén ao seu contexto unha certa dimensión imaxinada. Neste exercicio de reimaxinación, a documentación histórica interprétase non só como fonte histórica para a análise arquitectónica, senón como base activa para a súa recreación tridimensional.

Recórrese ao traballo de restitución en 3D realizado por Carlos Paz do Centro Infográfico Avanzado de Galicia (CIAG), aínda en proceso, polo que a comunicación presenta tanto o labor de documentación como o estado actual da interpretación. A recreación virtual permite introducir dinámicas de luz e materiais, estudar proporcións e escala, analizar a súa inserción nun contexto territorial imaxinado e explorar a atmosfera arquitectónica en diferentes condicións ambientais. Tamén permite considerar o percorrido do usuario, hipótese que podería explorarse nunha fase posterior mediante unha simulación de visita. Conxuntamente, estes aspectos posibilitan unha aproximación fenomenolóxica á capela, na que a percepción do espazo vincúlase tanto ás calidades formais do proxecto como á dimensión simbólica de sacralidade, ligada á tradición xacobeá.

Así, a integración da documentación histórica coa recreación dixital permite dar forma visual a proxectos que ficaron só no papel, ofrecendo novas maneiras de interpretar a arquitectura do século XX e de reflexionar sobre a interacción entre espazo, contexto e percepción.

**Palabras chave:** Arquitectura sacra non construída, Restitución 3D, Camiño de Santiago, Sáenz de Oíza, Jorge Oteiza.

**Guillermo Rodríguez-Alonso**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **ARTIVISMO HACKER. PRÁCTICAS TECNO-POLÍTICAS DE SUBVERSIÓN.**

Dende a irrupción das tecnoloxías do paradigma da información, a práctica artística comezará a interrogarse non só polas posibilidades formais e estéticas destes novos medios, senón tamén pola súa capacidade subversiva. Así, as pulsións do artivismo contracultural dos anos setenta mutarán nunha ciber-contra-cultura, da que forman parte tanto a contracultura hacker, a guerrilla da comunicación e o artivismo dos novos medios.

A política é tecnopolítica, e compre situarse criticamente no tránsito das institucións coercitivas tradicionais cara unha sociedade da vixilancia, o extractivismo de datos, a gobernanza algorítmica, o agotamento do desexo e a dilución das axencias políticas no paradigma cibernético. ¿Qué prácticas artísticas contestan, re-imaxinan e subvirten a hipótese cibernética da gobernabilidade?

A niña proposta consiste en facer un breve repaso por estas prácticas dende os anos oitenta e noventa e analizar a súa potencialidade como máquina revolucionaria que crea un contrapoder, tal como é definido por Hardt e Negri, a saber, como insurrección cotiá, resistencia continua, e poder constituínte. A tal efecto, os artivismos hacker empregan un diverso repertorio de prácticas creativas e subversivas como a sabotaxe, a ilusión, o engano e a re-codificación.

**Palabras chave:** artivismo, contracultura, hacker.

**Sabela Valcárcel Lago.**

Universidade de Santiago de Compostela.

## **ARQUITECTURA DEL DESCANSO: PALACIOS, VILLAS Y CHALETS COMO TIPOLOGÍAS ARQUITECTÓNICAS DE VERANEO EN LAS RÍAS BAIXAS (1830-1936)**

En Galicia el fenómeno del veraneo comenzó a desarrollarse en la segunda mitad del siglo XIX con los desplazamientos de las clases burguesas y aristocráticas, fundamentalmente, hacia los arenales de las Rías Baixas. Estas familias vieron la necesidad de construir o modificar sus segundas residencias en las que pasar las temporadas estivales. Así, algunas localidades como Vigo, Baiona, Marín o Vilagarcía de Arousa, entre otras, comenzaron a verse salpicadas de chalets, villas, quintas, pazos de Época Moderna reformados, antiguas fortalezas rehabilitadas e incluso, algún palacio. La fortaleza de Monterreal (Baiona), el pazo de Castrelos (Vigo), el palacio de Lourizán (Pontevedra) o la quinta de A Caeira (Poio) son algunos ejemplos arquitectónicos influenciados por los movimientos decorativos procedentes, fundamentalmente de Francia o Inglaterra, como el eclecticismo, los neomedievalismos o el estilo II Imperio francés. Además, el cascarón arquitectónico de estos edificios se acompañó de monumentales interiores, la gran mayoría desaparecidos en la actualidad, que incorporaron todas las necesidades y comodidades para las familias como salones de recepción, comedores para banquetes y, estancias destinadas al ocio como el salón de fumar o la sala de billar.

Palabras clave: Arquitectura; Artes Decorativas; Siglo XIX; Veraneo

# I SEMINARIO ANUAL GRUPO IDEAHS

## INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO EN ARTES E HUMANIDADES

XOVES 16 (MAÑÁ)  
(AULA 14, FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA)

9:30 h. Recepción

10:00 h. Mesa redonda de apertura: presentación de proxectos polos seus IPs. Modera [pendente de confirmación].

- Miguel Taín Guzmán, Proxecto GOLDENCITIES «La España del siglo XVII en las vistas del arquitecto florentino Pier Maria Baldi» (PID2023-147647NB-I00)
- Miguel Anxo Rodríguez González, Proxecto PERMORIA «Performatividad del monumento. Percepción social e intervenciones sobre el arte público en España y Portugal desde 1950» (PID2023-149178NB-I00)
- Anxo Abuín González, Proxecto PERFORMA3 «Teatro sin teatro: teoría y práctica del no actor en la escena española contemporánea» (PID2023-149349NB-I00)
- Jesús Ángel Sánchez García, Proxecto ARSOGAL «Arquitecturas Soñadas. Proyectos fallidos y pensamiento utópico en la historia de la arquitectura en Galicia» (PID2022-137098NB-I00)

11:00 h. Pausa café

11:30 h. Primeira sección. Arquitectura e urbanismo

11:30-12:30 h. Conferencia plenaria. Modera Jesús Ángel Sánchez García. Pedro Luengo (Universidad de Sevilla), Hacia una historia digital de la arquitectura: posibilidades sobre el análisis de percepciones visuales, sonoras e itinerantes

12:30-14:30 h. Mesa de comunicacións. Modera [pendente de confirmación].

- Daniel Lucas Teijeiro, A produción artística en serie na Galicia da Segunda Industrialización: metodoloxías e aplicacións para os estudos de cultura material
- Sabela Valcárcel Lago, Arquitectura del descanso: palacios, villas y chalets como tipologías arquitectónicas de veraneo en las Rías Baixas (1830-1936)
- Silvia González Rodríguez, Imaxinando o imaxinado: do Concurso Nacional de Arquitectura á restitución dixital. Una Capilla en el Camino de Santiago (1954)
- Santiago Rodríguez Caramés, Fillos dunha paixón: memoria e utopía nos estadios estatais (1982-2030). O caso de Balaídos

XOVES 16 (TARDE)

16:00 h. Segunda sección. Estética (Paraninfo, Facultade de Xeografía e Historia)

16:00-17:00 h. Conferencia plenaria. Modera Federico López Silvestre. Juan Martín Prada (Universidad de Cádiz), Teoría del arte y cultura digital

17:00-19:00 h. Mesa de comunicacións. Modera [pendente de confirmación].

- Paula González Castro, Achegamentos teóricos para a análise da imaxe de Galicia na prensa e as publicacións periódicas
- Nara Méndez López, Genealogías críticas en el espacio expositivo. ¿Se puede hacer política desde el museo?
- Guillermo Rodríguez-Alonso, Artivismo hacker. Prácticas tecno-políticas de subversión
- Iván Moure, As excentricidades neomouriscas do Conde Cesare Mattei e o Marqués Ferdinando Panciatichi: a Rochetta Mattei e o Castello di Sammezzano

20:00 h. Inauguración da exposición Ficcións especulativas (Salón Artesoado do Colexio de Fonseca). Comisariada por Aránzazu Pérez Indaverea, Guillermo Rodríguez Alonso, Abraham R. Cea Núñez e Federico L. Silvestre. Colaboran: Grupo IDEAHS, iHUS.

VENRES 17 (MAÑÁ)  
(SALÓN DE ACTOS, FACULTADE DE FILOSOFÍA)

10:00 h. Terceira sección. Estudos audiovisuais e performativos

10:00-11:00 h. Conferencia plenaria. Modera [pendente de confirmación]. Domingo Sánchez-Mesa (Universidad de Granada), Resistiendo la aceleración: la intermedialidad posdramática en Irma Vep, de Olivier Assayas

11:00-13:00 h. Mesa de comunicacións. Modera [pendente de confirmación].

- Miguel Alcalde Silveira, Torcermos o marco da pantalla. Apuntes cara a unha análise queer do cinema de Pedro Almodóvar
- Iván Villarme, Paisaxes ambivalentes en Nomadland (Chloé Zhao, 2020)
- Xosé Nogueira, Cara a unha reconsideración do concepto de non-actor nos eidos do cinema e o audiovisual
- Matías Rodríguez-Mourinho, Extinção biofónica e fósseis acústicos: notas metodológicas

COMITÉ ORGANIZADOR  
Guillermo Rodríguez Alonso (secretario)  
Miguel Alcalde Silveira  
Sonia García Muñoz  
Mª Aranzazu Pérez Indaverea  
Sabela Valcárcel Lago

COMITÉ CIENTÍFICO  
Jesús Ángel Sánchez García (coordinador)  
Anxo Abuín González  
Pedro de Llano Neira  
Federico López Silvestre  
Fernando Pérez Rodríguez  
Miguel Anxo Rodríguez Fernández  
Miguel Taín Guzmán  
Julio Vázquez Castro  
Alfredo Manuel Vigo Trasancos

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS  
Vicerreitoría de Política Científica da USC  
Departamento de Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia da USC  
Instituto de Investigación en Humanidades da USC (iHUS)

PROXECTOS COLABORADORES  
Proxecto GOLDENCITIES «A España do século XVII nas vistas do arquitecto florentino Pier Maria Baldi» (PID2023-147647NB-I00)  
Proxecto PERMORIA «Performatividade do monumento. Percepción social e intervencións sobre a arte pública en España e Portugal desde 1950» (PID2023-149178NB-I00)  
Proxecto PERFORMA3 «Teatro sen teatro: teoría e práctica do non actor na escena española contemporánea» (PID2023-149349NB-I00)  
Proxecto Arquitecturas Soñadas «Proxectos errados e pensamento utópico na historia da arquitectura en Galicia» (PID2022-137098NB-I00)

008 — ideahs.es



<https://www.ideahs.es/es>



**iDEAHS**

Investigación e Desenvolvemento  
en Artes e Humanidades

